



O Pórtico da Gloria na encrucillada da arte: Santiago *psicopompos* e as portas do Alén



Manuel Antonio Castiñeiras González¹

Se Galicia é unha pedra de granito, o Pórtico da Gloria é a nosa pedra máis preciosa. Ninguén como Rosalía de Castro soubo expresar no seu poema *Na Catedral*, en 1880, a empatía que moitos espectadores, aínda hoxe, senten ante as estatuas do Pórtico:

¿Estarán vivos? ¿Serán de pedra?
aqués sembrantes tan verdadeiros,
aquelas túnicas maravillosas,
aqueles ollos de vida cheos (...)
parecen que os labios moven, que falan quedo.

(Rosalía de Castro 1973: 177).

Pola súa parte, Alfonso Castelao, na obra do exilio *Cruces de Pedra na Galiza* (1950), afirmou que o Mestre Mateo preferiu

a visión maxestosa da Groria ao Xuízo Final, que tanto agradaba aos artífices da súa época, e quixo deixar no seu Pórtico incomparable, coas debidas proporcións, todo canto esperamos e tememos da outra vida (Castelao 1950: 133).

1 Por limitacións de espazo, neste texto reduzo as referencias a unha poucas notas a rodapé así como a unha bibliografía sucinta ao final do texto na que o lector poderá mergullarse no fascinante mundo do estudo do Pórtico da Gloria. O noso artigo céntrase nalgúns cuestións de iconografía e interpretación simbólica do conxunto dentro da catedral, especialmente no tema da mensaxe salvífica e escatolóxica do pórtico compostelán, un tema que nos pareceu moi axeitado desenvolver para os lectores da revista *Encrucillada*. Non obstante, para quen queira saber máis sobre a recente restauración do Pórtico da Gloria e a recuperación da súa magnífica policromía nas súas diferentes capas pictóricas, véxase: Taín 2019. Para un estado da cuestión sobre a obra do Mestre Mateo na catedral, consúltese: Yzquierdo Peiró 2019.